

MASTERina CARREIRAS

Meu prezado alumnado:
Son Masterina Carreiras
Unha titulada en paro,
que case chega até os trinta!!

Este luns vou saudarvos
porque o día vinte e oito
a Europa vou por traballo,
despois de buscalo moito.

Logo de catro carreiras,
másters en mil un asuntos
marcho da Terra querida,
porque non teño futuro.

Pero non esteades tristes,
xa que toda esta semana
pasarémola con chistes,
risas, bromas e andanzas.

O **luns** quero a todos vervos
cunha **flor** no peito presa,
sempre é bo andar ben coquetos,
aínda que o mal asexá!

Xa que as flores simbolizan
amor, vida e esperanza,
dan á primavera a benvida,
Ao atavío prestancia.

Na época victoriana
eran ocultas mensaxes,
codificadas linguaxes
pra facer ata espionaxe!

Todos con **lentes** o **martes**
pra corrixir a cegueira
de estudar ciclos e másters
e tamén moitas carreiras!!!

Aínda que pense a xentiña
que parecemos chapóns,
que pensen, falen ou digan ...
Nós, gocemos coa diversión!

O **mércres** que arrefría
Cubrirás a túa cabeza
Cunha gorra, cunha boina,
Cun sombreiro, con chistera ...

Non vaia ser que se escapen
tantas e tantas ideas.
Coñecementos que abranguen:
Ciclos, másters e carreiras!!

E polo vento impulsada
voe toda a sapiencia.
Tantos anos pra acadala
Nun plis, plas para perdela!

Xa o xoves, e sen rubor
porás **roupa deportiva**:
De tenista ou boxeador,
de judoka ou futbolista ...

Preparando o futuro
debemos estar en forma.
Músculos fortes e duros,
corazón a proba de bomba!

Ai! Chega o **venres** e emigro!
Cunha aperta sentidiña!
Vinde de **contos** vestidos:
de reis, fadas ou raíñas.

Brancaneves ou ananos,
bruxas, príncipes, princesas,
ras, ratos, mouras ou trasnos,
Carapuchiñas, Cincentas ...

Viva o Entroido!!! Leticia!!!
Doces, desfiles, comparsas ...
Gocemos xuntos da vida
con bailes, risas e chanzas.

Só **un último mandado**:
(á parte de gozar da festa)
Destruíde o meigallo
queimádeme na fogueira!

Que o lume aniquile
o porvir que agora espera,
que as abrasadoras lapas,
destrúan tanta incerteza!!

E viva o Entroido!!! Viva!!!
Adeus MASTERina CARREIRAS!!!